

leg

PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA (1) PRAZA DE ATS NA DEPUTACIÓN DE LUGO, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS/AS MEDIOS/AS, GRUPO A-SUBGRUPO A2, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2021. (BOP núm. 145, do 27.06.2022 e corrección erros BOP núm. 204, do 06.09.2022),

1.- IDENTIFICACIÓN DAS PERSOAS QUE PARTICIPARON NA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCEDIMENTO SELECTIVO

Aberto o sobre que contén as tarxetas identificadoras co número de control e a identificación das persoas que participaron na fase de oposición do proceso selectivo, resulta o seguinte:

Nº DE CONTROL	APELIDOS E NOME
01	MATO GONZÁLEZ, JAVIER
02	FERREIRO LÓPEZ, MARÍA JOSÉ

2.- PROBA DE GALEGO (Base Específica 7.4)

Identificadas as persoas aspirantes participantes na fase de oposición do proceso selectivo, compróbase que a aspirante que superou a fase de oposición acredita estar en posesión do nivel de galego Celga 4 esixido na base específica 5.2 da convocatoria, polo que non é necesario realizar esta proba.

3.- FASE DE CONCURSO (BASE XERAL 8.2.1)- APERTURA PRAZO PRESENTACIÓN ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS

A persoa aspirante que superou a fase de oposición, deberá acreditar os méritos relacionados na súa solicitude de participación.

3.1.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo será de 10 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público).

	IV7B2PLZCA4DLGGN4AIA4JIH7Y	Fecha y Hora	02/03/2023 12:44:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7B2PLZCA4DLGGN4AIA4JIH7Y	Página	1/2





O presente documento
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 02-03-2023
ata a día 17-03-2023
O XEFÉ DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.
(Firma)

3.2.- MÉRITOS QUE DEBERÁN ACREDITARSE DOCUMENTALMENTE

Deberá presentar unicamente os documentos que acrediten os méritos que a aspirante relacionou na súa solicitude de participación. O resto de méritos non serán tidos en conta polo Tribunal.

No suposto de que a aspirante preste ou prestara servizos na Deputación de Lugo incorporárase de oficio a súa solicitude de participación no proceso selectivo, a certificación de servizos prestados e a ficha formativa na que figuran os méritos que constan acreditados no seu expediente persoal, ao obxecto de non ter que volver a presentalos. Estes documentos deberán ser asinados e rexistrados pola persoa aspirante para darlle conformidade. O resto de méritos deberán acreditarse tal e como se sinala a continuación.

3.3.- FORMA DE ACREDITACIÓN

Os méritos deberán acreditarse tal e como se sinala na bases específica 8, en cada un dos apartados.

As acreditacións deberán ser documentos orixinais con código de verificación ou copias auténticas.

3.4.- LUGAR DE PRESENTACIÓN

a) Presentación telemática- Acceder a Sede Electrónica no apartado RRHH; identificarse mediante certificado dixital; acceder a súa solicitude de participación e incorporar os documentos que acrediten os méritos (que deberán ser orixinais con código de verificación en formato PDF), debendo asinar e rexistrar dito trámite.

b) Presentación mo Rexistro Xeral da Deputación de Lugo . Presentar os documentos orixinais que acrediten os méritos (dos que se realizará copia electrónica auténtica, devolvendo os orixinais á interesada), facilitando o número de rexistro de entrada da solicitude de participación para ser incorporados no mesmo expediente electrónico.

c) Presentación en calquera outro lugar dos sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para calquera dúbida poderá poñerse en contacto ca Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo, a través do número de teléfono 982 260 043.

O secretario do Tribunal,

	IV7B2PLZCA4DLGGN4AIA4JIH7Y	Fecha y Hora	02/03/2023 12:44:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7B2PLZCA4DLGGN4AIA4JIH7Y	Página	2/2

